

cuadernos
ateneo ferrolán

GUILLERMO LLORCA FREIRE

**OS ATENEOS
FERROLANS
NA SUA HISTORIA**

1879 - 1880, 1903 - 1917, 1931 - 1936

ANO V - NUMERO III - 1985

cuadernos

ateneo ferrolán

Número III

Año V

Xaneiro 1985



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro, de estudos
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



LIMIAR

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Se estas palabras miñas fosen presentar un escritor descoñecido para o público ó que vai dirixida esta publicación, poñerla énfase e xeneroso acento na redacción deste limiar para resaltar, o máis posible, a personalidade do autor, así como a valía do seu traballo. Como non é este o caso, xa que Guillermo Llorca, ferrolán de devoción e profesor de vocación, é dabondo coñecido nestas terras, véñeme abrevia-la miña tarefa de presentar esta edición de "Os Ateneos ferroláns na súa historia". Deste xeito, líbrome, ademais, de que a miña vella amizade con este xoven historiador poida ser sospeitosa e inxusta razón de loubanzas e bendicións.

Temos diante de nós, e vainos informar de moitas cousas, unha historia dos Ateneos ferroláns: a historia azarosa e intermitente dunha sociedade cultural que, dende o seu nacemento, 1879, andou a trancas, sufrindo moi directamente os avatares das crises históricas, sociolóxicas e políticas que máis frontalmente padeceu a cidade.

E esa historia dos Ateneos ferroláns estaba por facer. Era un oco que se deixaba notar, porque intuíase a importancia que tiveran esas sociedades na vida social e cultural da cidade nas súas distintas etapas de funcionamento. Cecais habíala que agardar ata que nunha mesma persoa déranse as dúas condicións indispensables para afrontar esta tarefa: capacidade investigadora e cariño pola Entidade con todo o seu historial. Si o primeiro fainolo evidente Guillermo Llorca co rigor deste traballo, o segundo coñecemoslo ben todos aqueles que, dende mediados dos anos setenta, tivemos algunha relación co Ateneo Ferrolán. A capacidade constructiva e entusiasta de Guillermo Llorca fixo que a súa presenza naqueles momentos difíciles fose case decisiva para a posta en marcha do actual Ateneo. O seu labor posterior, como directivo e como socio preocupado pola Entidade, fixérono imprescindible para o seu bo funcionamento.

Rigor propio de bo historiador e amenidade expositiva de bo escritor é o que eu destacaría como valores máis certos deste traballo.

O rigor científico dos datos que manexa é o primeiro que se lle exige ó investigador. O traballo constante, o bo discernimento e a adecuada preparación farán logo que lle saque bo proveito a esas fontes ás que tivera acceso. Con todos estes atributos sacou adiante Guillermo Llorca non só este traballo, senón todo o seu labor na investigación, xa que logo a reflexión, o estudio e o traballo metódico son uns bos puntos definitorios do seu quefacer estudioso. De seguro que xa está curtido polas horas e horas de consultar xornais antigos, polas moitas horas de non encontrar nin unha soa liña que puidese interesar, polos moitos desvelos e inquietudes sobor do bo remate que puidese te-lo que con tanto interés xa se escomenzara.

Este traballo é, polo de agora, a derradeira aportación positiva e valiosa de Guillermo Llorca ó Ateneo Ferrolán. E por riba de todo, é un bo regalo ó socio desta Entidade cultural, pois descúbrelle a orixe histórica da mesma, os seus primeiros inspiradores —esgrevios ferroláns como Francisco Suárez, Comerma, Santiago de la Iglesia, etc.—, ademais de amosar-lles unha traxectoria inequivocamente social e comprometida coa difusión e divulgación de coñecementos entre o pobo que, dende sempre, caracterizou ó Ateneo de Ferrol. Tan encomiable tarefa mereca saír á luz pública. Só se necesitaba encontra-lo seu pregoerio. Aquí o temos, cun traballo que recupera para a historia desta cidade o mérito e o valor histórico dunha Sociedade cultural ferrolá.

Portada: Xoan Braxe
Versión galega: Anxela Loureiro Fernández e
Xosé Antonio Ponte Far
I.S.B.N.: 84-600-3770-3
Dep. Legal: C-848/84
Imprime: LOPEZ TORRE
Pontedeume (Coruña)

XOSE A. PONTE FAR



*Aos meus compañeiros do Ateneo
que co seu exemplo de traballo co-
lectivo convertiron esta vella insti-
tución ferrolán nun prestixioso
centro de vida cultural.*

OS ATENEOS FERROLANS NA SUA HISTORIA

(1879-1880, 1903-1917, 1931-1936)

GUILLERMO LLORCA FREIRE



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 302-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

UNHAS PALABRAS DE PRESENTACION

Cando na primavera de 1976 nos xuntabamonos un fato de persoas para da-los primeiros pasos do que sería o Ateneo actual, de seguro que ninguén de nós era consciente de que nos vencellabamos a unha vella institución, nada na nosa cidade facía uns cen anos. O noso propósito é rescatar do esquecemento colectivo este importante anaco da historia cultural de Ferrol, que algún día haberá que estudar na súa totalidade.

O tema dos Ateneos fundados en Galicia é algo aínda inédito na bibliografía. Este traballo céntrase nos Ateneos ferroláns creados ao longo de diferentes épocas ata os da II República. Aínda que o Ateneo de hoxe ten tras de si unha importante e variada laboura cultural, que o acredita como unha das institucións máis importantes de Galicia neste eido; limitamo-la nosa investigación aos Ateneos que o precederon, coa esperanza de que o paso do tempo nos amose unha maior perspectiva e atenúe o apaixoamento inevitable do autor destas follas —que foi protagonista activo da súa fundación e desenrolo—, e nos permita afondar tamén na súa nutrida historia.

O resultado da investigación, que agora o lector ten nas súas mans, estivo limitado principalmente polo reducido das fontes. Basamo-lo noso traballo nas publicacións que atopamos dos Ateneos, algunhas delas descoñecidas ata entón e que aquí facemos públicas; e sobor de todo na prensa periódica. Concretamente no "Correo Gallego", único xornal que desde 1879, data de fundación do primeiro Ateneo, ata 1936, co remate dos Ateneos da II República; recolle nas súas páxinas parte de laboura feita polos mesmos. O conxunto de números consultados supón dezasete anos de información, que seguimos día a día. Foinos imposible localizar outro material documental importante como libros de socios, cos seus datos persoais, altas e baixas; balances económicos, correspondencia, libros de acta e rexistro dos libros da biblioteca. Por outra banda, a falta dunha hemeroteca, nunha cidade como Ferrol cunha tradición xornalística que se remonta ao ano 1845 co periódico "El Aguila", impediunos facernos con novos datos para enriquecer e contrasta-las informacións. Por todo isto, o meu agradecemento á administración de "El Correo Gallego", que amablemente permitíume traballar no seu arquivo en Santiago, é máis que obrigado, pois sen a súa colaboura estas modestas páxinas non verían a luz. Compre sulificar tamén que nesta valiosa colección atópanse lagoas de días e meses nos que non aparecen os exemplares, o que limita aínda máis a información.

Este traballo é só un achegamento á historia dos Ateneos, sen unha análise exhaustiva da temática de cada unha das numerosas e variadas conferencias ou de outras actividades, nen tampouco da persoalidade dos directivos e conferenciantes, pois ilo revordaría os obxectivos fixados.

Para rematar, ou meu agradecemento á Xunta Directiva polo interés tomado para que saise adiante esta publicación, a Xosé Ponte Far pola súa revisión lingüística e xeneroso prólogo, a Xoan Braxe pola magnífica ilustración da portada, a D. Antonio Vázquez Rey e a D. Ramón Cordero Gómez, polas horas roubadas ao seu traballo na procura de lembranzas do Ateneo da II República, e a Anxela, a miña dona pola, súa aportación lingüística e toda a paciente axuda prestada.

ORIXE E SIGNIFICADO DOS ATENEOS

A palabra Ateneo, nun senso estricto, significa santuario da deusa Atenea. Conservando a denominación de "cultura ateniense" empregouse para designar institucións científicas e literarias adicadas a eleva-lo nivel intelectual das xentes por medio de conferencias, cursos, lecturas, etc. Suponse que o primeiro Ateneo fundouno o emperador Calígula, en Lyon, polos anos 30 ao 37 d.C. No mesmo impartíanse cursos de elocuencia grega a latina, explicados por sonados mestres da época. No 135 d.C. o emperador Adriano fundou un Ateneo no Capitolio de Roma que durou ata o século V. Teodorico II creou un en Constantinopla, para o Imperio de Oriente, no ano 424.

Na Edade Media apareceron, senón co nome, polo menos con verdadeiro carácter de Ateneos, as universidades libres, asociacións nadas polo progresivo amor ao estudo e á investigación. En Francia, durante a Revolución de 1789, toman o nome de Ateneos algúns establecementos de ensino, que o trocan despois polo de Liceo ou Museo. O primeiro fúndase en París en 1785 e chega a acadar gran sonda. En Londres desde 1824 existe "The Ateneum" e catro anos despois co mesmo título aparece un xornal de crítica literaria. En España o "Ateneo científico, artístico y literario de Madrid" fúndase en 1820, disólvese en 1823 e é instituído de novo en 1835.

Na primeira metade do século XIX creáanse en moitas capitais e zonas industrializadas "Ateneos obreiros". Respostan ao programa iluminista de divulgación universal dos froitos da razón e da ciencia como única estratexia posible de liberación persoal e colectiva e de acceso aos sagrados valores de igualdade, liberdade e fraternidade. Estes centros dispoñen de local, biblioteca e sa de lectura. Mantéñense substancialmente a base das cotizacións dos socios, porque as axudas filantrópicas e as subvencións oficiais non soen representar moito. Un exemplo dos mesmos é o "Ateneo Catalán de la Clase Obrera" que nace en Barcelona en 1861.

OS ATENEOS DE GALICIA ATA A SEGUNDA REPUBLICA



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 203-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Non sabemos con exactitude o número de Ateneos que se fundan en Galicia desde o século XIX, pois, como xa dixemos anteriormente, aínda está por facer un estudo destas centros culturais, de grande interés histórico como tentan poñer de manifesto estas páxinas. Aquí limitámonos a aportar algúns datos sobre as súas primeiras pegadas.

Temos referencias dun xornal de intereses materiais, ciencias, artes e literatura, chamado "El Ateneo", que se editaba na Coruña en agosto de 1859. En 1875, Benito Vicetto pronuncia un discurso no Ateneo da mesma cidade. O "Ateneo artístico, científico y literario de Ferrol", créase en febreiro de 1879. De novo, en decembro de 1881 se inaugura o "Ateneo científico, literario y artístico de La Coruña" cunha conferencia de Millán Astray. Tres anos despois no "Ateneo y Centro Recreativo de La Coruña" figuran como socios de mérito as distinguidas escritoras Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro e a ferrolá Concepción Arenal. No mesmo impártense, curiosamente, clases de esgrima e ximnasia. En Santiago xurde o "Ateneo León XIII", cun Reglamento que se aproba en outubro de 1895. Tamén na cidade compostelán aparece en 1901 a publicación mensual "Boletín del Ateneo Médico Escolar Compostelano. Revista de Medicina y Cirugía". En outubro de 1903 nace o segundo "Ateneo Ferrolano". Desde 1914 desenrola unha intensa actividade o "Ateneo Sindicalista de Ferrol". Tres anos despois Herberto Blanco publica "El Ateneo de Vigo y su programa". Cos inicios da II República comenza a vida cultural do "Ateneo Obrero de Ferrol Viejo". En 1933 se constituíse o "Ateneo Libertario Naturaleza Corriente", na veciña vila de Mugarodos, e o "Ateneo Cultural Recreativo Cariñense". Un ano despois fúndanse o "Ateneo Libertario de la Algalia", en Santiago, o "Ateneo Libertario Nueva Era", na Coruña e o Ateneo ourensán, do que formaban parte na súa directiva membros do grupo Nós.

Posteriormente novos Ateneos continuarán a labourea cultural dos seus devanceiros, pero neste traballo imos a nos limitar ao estudo dos que desenrolaron a súa actividade ata a II República e, en concreto, dos que se localizan en Ferrol, cunhas orixes que se remontan a algo máis de cen anos.



Sello do primeiro Ateneo

O "ATENEO ARTISTICO, CIENTIFICO Y LITERARIO DE FERROL", 1879-1880



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cidade
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

O primeiro Ateneo da nosa cidade nace aos poucos anos de se proclama-la Restauración monárquica, despois do golpe militar de Martínez Campos. En Ferrol, o elemento republicán ten unha forza considerable e non é casualidade que os primeiros pasos organizativos do Partido Republicano Federal teñan lugar, por vez primeira en Galicia, na cidade departamental en outubro de 1868. En 1871 xa figura adscrita á "Federación Regional Española" algunha sociedade anarquista ferrolá. A masonería conta tamén cunha importante presenza coa loxia "Asilo de la Virtud n.º 82", que data de 1878. En outubro do ano seguinte estala unha importante, aínda que fallida, insurrección republicán que ten a súa resoancia nas Cortes españolas. No embrión do Ateneo figuran colledidos membros republicáns: Santiago de la Iglesia e Francisco Suárez e García, masóns e vocais da "Junta Revolucionaria de Ferrol" en 1868. Francisco Suárez era Presidente do primeiro comité republicán e un dos principais protagonistas do levantamento de 1872. Daquela a cidade tiña uns 25.000 habitantes e as forzas sociais e políticas manifestábanse ano tras ano para que o Goberno fomentase a construción naval nas factorías nacionais en vez realiza-las compras no estranxeiro.

No aspecto recreativo e cultural contaba Ferrol, onde o alumbrado público aínda non chegaba a tódalas rúas, cunha reducida Biblioteca Municipal e coas sociedades "Casino Ferrolano" e "Circo de recreación". Os fillos dos obreiros aprendían as primeiras letras nas escolas da Maestranza. Editábanse varios xornais que reflexaban a distinta composición social da poboación: "El Correo Gallego", portavoz dun sector da clase media; e "El Diario de Ferrol", de signo político variable. De menor significación eran "El Criticón" e "El tío Clarín".

No salón de sesións do Axuntamento, o 6 de febreiro de 1879 celébrase unha xunta dos socios inscritos nas listas do Ateneo. Dous membros da comisión organizadoras, Comerma e Iglesias, explican aos asistentes as dificultades que houbo que superar e plantéxanlles a comenencia de que o Ateneo quede constituído definitivamente desde aquel intre. Despois de varias intervencións decídese por unanimidade a súa formación. Noméase unha xunta directiva encargada de redactalo reglamento e de levar a cabo os traballos para que no prazo máis curto escomencen as actividades do Ateneo. Resultan elixidos os seguintes membros:

Presidente	: Manuel Estrada y Madán
Vicapresidente	: Federico Pérez
Tesoureiro	: Gumersindo López Pardo
Contador	: Ildfonso Sanz
Segretario	: Santiago de la Iglesia
Vicesegretario	: Angel Linos

ATENEU DEL FERROL.

Núm. 99.

Don *Victor Lopez Seoane*
ha satisfeito la cantidad de *dece*
ceste mds correspondiente a la cuota *abell*
Ferrol *15* de *Junio* de 1879
El Contador,
El Depositario,

Victorino Seoane

Son Rs. VII.

18

Recibo do socio Victor Lopez Seoane, médico e naturista

Cáseque na súa totalidade a maioría da Xunta Directiva está composta por elementos civís, entre os que figuran médicos, periodistas e escritores. Ao mes seguinte, reunida a Xunta xeral, acorda por unanimidade dirixirse ao Alcalde para darlle un voto de grazas á corporación municipal polo decidido apoio que dende un principio prestou ao proxecto de crear un Ateneo nesta poboación. Pouco despois solicítase da primeira autoridade municipal a súa inscrición como socio a través dunha carta na que queda patente algunhas das intencións que guilaron aos fundadores: *"Reunidas varias persoas pertencientes a las distintas clases de la sociedad ferrolana, con el noble propósito de ampliar sus conocimientos y de difundirlos entre las clases populares, elevando su nivel intelectual y familiarizándolas con los modernos ideales de la ciencia y el arte, acordaron crear y crearon en esta Ciudad una modesta institución titulada Ateneo del Ferrol"*.

O 2 de maio inaugúrase o local social, situado na rúa Gravina n.º 80, pero a causa do mal tempo as obras de acondicionamento demóranse. Días antes da solemne inauguración, *"El Correo Gallego"* adícalle ao Ateneo o seguinte comentario: *"institución cuya necesidad se dejaba sentir hace mucho tiempo y del cual tanto y tan buena podemos prometernos, si los que deben, saben y pueden, le prestan el valioso concurso de la inteligencia y el poderoso apoyo de los conocimientos que adornan a buen número de nuestros convecinos (...)"*

Cuando se nos habla de los que miran con tibieza o apatía los trabajos que se están llevando a cabo para cimentar la futura sociedad, agítanse en nosotros extrañas ideas e inútilmente tratamos de comprender las razones en que pueden apoyarse los que más o menos ostensiblemente hacen la guerra al Ateneo, que es como declararse enemigos manifiestos de cuanto se relacione con el progreso intelectual, base del adelanto material de los pueblos. Por que, mírese como se quiera, no hay más que un camino para llegar a la aventura que el bienestar social puede traer a los pueblos; y ese camino es el de la instrucción.

Hijos de este pueblo que tiene en nuestro corazón lugar preferente amantes de cuanto pueda elevarle y presentarle a los ojos de propios y extraños como un pueblo culto y un pueblo digno de su historia y de sus antecedentes, vemos con inmenso placer, acercarse el acto inaugural del Ateneo. El día en que va a tener lugar será para nosotros una fecha memorable y si no hoy, mañana lo será también para este pueblo. No será digno de él, quien pudiendo llevar un grano de arena al edificio que se levanta, lejos de apoyar tan magna empresa, permanezca indolentemente separado del lugar a donde le llaman altos e ineludibles deberes. Afortunadamente los que así obren serán los menos (...)

Dentro de pocos días veremos reunidos en el modesto local en que va a inaugurarse la sociedad, a cuantos profesan verdadero amor al estudio, a cuantos desean la prosperidad de este pueblo y de sus hijos, a cuantos comprenden que hay algo por encima de la satisfacción de las necesidades materiales. Y en cuanto a esa turba que haciendo de la ignorancia vulnerable escudo, pretende alzarse más allá de la indiferencia que condenamos e hincan el diente en los que impulsan activa y valientemente la salvadora idea que presidió la creación de la sociedad, no hemos de concederles importancia alguna".

Ao mesmo tempo o xornal anuncia con satisfacción aos seus lectores que desde o 18 de maio a redacción conta co servizo dun taquígrafo, o que vai permitir dar íntegro aos seguidores de *"El Correo Gallego"* os discursos que se pronuncien no Ateneo.

Despois do reparto de 200 invitacións polos carteiros e de 100 circulares dirixidas á prensa rexional, a inauguración oficial ten lugar o xoves 28 de maio de 1879. Asisten as primeiras autoridades e o Presidente, Manuel Estrada, pronuncia o discurso de apertura no local modestamente enfeitado e ante unha numerosa concurrencia. Bosquexa a grandes rasgos as conquistas da ciencia, a literatura e o arte e inculca nos folgos dos que o escoitan a idea de que a fundación do Ateneo resposta a unha necesidade amplamente compartida. De seguido, o Segretario, Santiago de la Iglesia le unha extensa Memoria sobre as vicisitudes polas que atravesou a Sociedade ata a súa fundación, e remata con estas palabras: *"La fe me dará aliento para desempeñar mi espinoso cometido y no vacilar en la exposición de la verdad, en mi tanto más sincera, cuanto que no encadenan mi labio ni mi pluma lazos de ninguna especie, ni aun aquellos que ocultan la violencia bajo el brillo de oro y que ejercen su férrea presión bajo seductoras formas"*. O director de *"El Correo Gallego"*, Victorino No-

vo y García, dirixe algunhas frases e o acto remata coa lectura dunhas décimas de E. Pato, lidas por Joaquín de Arévalo, algunhas fábulas de Comellas a cárego de Luciano Taxonera e unhas redondillas de León adicadas ao Arte. A música da "Villa de Bilbao" e da Infantería de Mariña amenizan a velada con pezas escollidas.

Ao día seguinte o discurso presidencial ve a luz nas páxinas de "El Diario de Ferrol" e a Memoria do Segretario proxéctase imprentala nun folleto. "La Ilustración Gallega y Asturiana" recolle a nova da inauguración do Ateneo como "un verdadero acontecimiento para esta población y un legítimo triunfo para sus entusiastas iniciadores que ven premiados sus esfuerzos con el laurel de la victoria".

Poucos días despois o Ateneo celebra Xunta xeral para constituí-las seccións e elixir aos segredarios das mesmas. Proxéctase obsequiar cunha velada literaria ao escritor alemán Fastmrath cando visite a cidade.

Non vai pasar moito tempo sen que as calurosas acollidas, os proxectos e as ilusións se vexan esvaídas co estalido dun grave conflito que divide na súa opinión á prensa galega e que vai soterra-la curta vida do noso primeiro Ateneo.

O socio Victorino Novo recibe un oficio de expulsión do Ateneo no que se lle comunica que en Xunta xeral por maioría absoluta, en votación segreda e en virtude da petición suscrita por vinte e sete socios —dun total de algo máis de cincuenta—, a Sociedade acorda darlle a baixa por ser perjudicial para os intereses da mesma. A circular leva data do 30 de maio. Ao día seguinte resposta o afectado en "El Correo Gallego" nun artigo que titula "Nuestra actitud", onde mantén que o Presidente, a quen contribuíu a elixir co seu voto, pronunciou o discurso inaugural, belo na forma pero defectuoso no fondo, pois na súa maior parte era copia doutros discursos e doutros libros, concretamente o orixinal fora feito polo distinguido economista Laureano Figuerola. O periodista o único que fixo ao denunciar tal plaxio foi cumprir con seu deber, e somete a súa conducta, xunto coa do Ateneo, ao fallo do público asisado e ao da prensa de toda España.

O incidente levanta unha cruzada contra "El Correo Gallego" e persoas influíntes danse de baixa como suscriptores. Por outra banda, o Vicepresidente do Ateneo, Federico Pérez, que presidiu a Xunta xeral que acordou a expulsión, é separado como médico da sociedade "La Honradez" —cecais para facer honor ao seu nome—, por non convir aos intereses da mesma. Toda a prensa galega en xeral pronúnciase sobre o asunto. O "Diario de Ferrol", seguramente por razóns de competencia, defende ao Ateneo e sostén que a expulsión do Sr. Novo foi como socio, mentras que ten as portas abertas como periodista. "El Telegrama", da Coruña, escribe: "No hubiéramos censurado la actitud del Ateneo, si la expulsión de V. Novo obedeciese a causas puramente personales y no a mezquinas intrigas, urdidas por esa maldita pasión llamada envidia. El periodista ha cumplido con su deber (...)". En "La Gaceta de Galicia", de Santiago, lese: "Culpa es del Ateneo Ferrolano que ha confundido inconsideradamente la personalidad de don Victorino Novo, socio, con la del director de un respectable diario". A polémica exténdese a varios xornais de Madrid, como "El Mundo Político", "La Iberia", "El Ocean", que se ocupan nas súas páxinas do tema. O mesmo sucede con outros de provincias e incluso do estranxeiro, onde "The Daily News", de Inglaterra, chama a atención aos seus lectores sobre o conflito, que incidía directamente coa liberdade de prensa.

En vista das alpurmas recibidas, a xunta do goberno do Ateneo aproba un manifesto, redactado por Francisco Suárez y García —persoa moi influínte na cidade—. O texto, entre outras cousas, di: "(...) Esta Sociedad es partidaria de la libre emisión del pensamiento y la palabra y desea manifestar francamente que considera injustos los ataques con que se procura desprestigiar a esta asociación explotando ese desagradable incidente y declarar que dictados de la prudencia le parece aconsejable no juzgar tan severamente una institución como este Ateneo, única en su género que actualmente comienza a vivir en Galicia, sino suspender el juicio y reservar el fallo para los actos ulteriores de su vida en las elevadas esferas de la ciencia, la literatura y el arte a que empieza a consagrarse, pues si la prensa regional tiende a la ilustración del país, y el Ateneo Ferrolano a eso mismo aspira, ¿por qué esta prematura y ruda cruzada de una parte de la prensa contra el Ateneo con el único fundamento de una cuestión meramente personal, por más que la pasión quiera revestirla de otro carácter muy distinto del verdadero? (...)".



Vexamos tamén coas súas propias palabras cal é a reacción de parte dos xornais ante este manifesto. "La Concordia", de Vigo, publica o seguinte comentario: "Hemos censurado el primer paso dado por el Ateneo; y si hemos de decir la verdad nos halaga poco el segundo, o sea el acuerdo tomado por su Junta de gobierno, pues por él se nos presenta como enemigos de la ilustración de nuestra querida Galicia". "El Telegrama", súmase aos desexos da "Gaceta de Galicia" que propón que nunha xunta de gran parte dos periodistas galegos nas vindeiras festas de María Pita, se forme un tribunal de honor que acepte explicacións e amaña as diferencias entre a prensa galega e o Ateneo. Non sabemos se a proposta chega a froitificar, en todo caso, o seu resultado non é alentador xa que unha parte dos fundadores abandonan a Sociedade e só queda un pequeno grupo que desexa soste-la Institución; entre eles Andrés Comerma que figura como Presidente, Juan Carlos Roca como Contador, Manuel Torrente como Depositario, e Angel de Lucas como Segretario.

O Ateneo contaba cun pequeno gabinete de lectura, onde podía consultarse os libros da súa reducida biblioteca e os periódicos locais, "Diario del Ferrol" e "El Correo Gallego", aos que estaba suscrito; "El Crítico" recibíase gratuitamente.


Os socios pagaban 30 reais de cuota de entrada e 10 cada mes. Algúns non pagaban e outros facíanse os morosos. O seu número non é posible determinalo con exactitude, pero polos recibos das cuotas podemos deducir que non chega a sobrepasa-los oitenta. Entre eles, ademais dos directivos, figuran destacados membros da burguesía ilustrada da cidade: o escritor Joaquín de Arévalo, o médico e naturalista Victor López Seoane e o enxeñeiro militar Andrés Comerma, entre outros.

O presuposto económico era reducido como o eran tamén os seus gastos mensuais. Entrg eles: 240 reais polo aluguer da casa-salón, 180 polo soldo do conserxe, 96 por dúas latas de petróleo para gas e unha caixa de mixtos, 8 pola suscripción dos xornais e 4 para pagar á augadora. Os mobles e outros enseres da Sociedade, contratados en subasta, pagábanse en aluguer mensual en prazos de 200 reais.

Non cofecemos tampouco o Regulamento da Institución aínda que chegan a editarse 300 exemplares na imprenta de Nicasio Taxonera.

A partir da polémica desatada na prensa co conflito de Victorino Novo, as escasas actividades culturais do Ateneo, todas elas desenroladas en castelán, xa non serán reflexadas nas follas de "El Correo Gallego". No mes de agosto orgalzase unha velada literaria no "Teatro Circo", creado tamén en 1879, cadrando cos festexos da inauguración do dique da Campa. Durante a estación de inverno téntase programar unha vez por semana temas de discusión, conferencias, disertacións ou veladas literarias. "Si la Junta de gobierno, de "La Ilustración Gallega y Asturiana", consigue su objetivo no tendremos que sonrojarnos porque en el Ferrol no pueda sostenerse un Ateneo, siquiera sea muy modesto". Sen embargo, a pesar dos esforzos e proxectos, en xaneiro de 1880 o Segretario comunica ao Axuntamento a disolución do Centro, remitindo os libros de actas e de contabilidade á Alcaldía para o seu arquivo, e trece volumes para a Biblioteca Pública Municipal, a primeira con que contaba a cidade desde 1877, ademais dunha colección de periódicos e revistas donadas por "El Correo Gallego".

A cuestión económica non será a causa do peche do Ateneo, pois cando se dissolve a Sociedade o Depositario entrega a cantidade de 240 reais de vellón. O desgraciado incidente co director da "El Correo Gallego", cando a Institución escomenzaba a camiñar, sería o motivo da súa lán-guida existencia e da súa precipitada desaparición.



Santiago de la Iglesia Santos

O SEGUNDO "ATENEO FERROLANO", 1903-1917



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204 Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Nos derradeiros anos do século XIX e comenzos do XX diversos acontecementos teñen lugar nesta poboación, que conta con algo máis de 25.000 habitantes, como reflexo das súas forzas sociais e políticas. En 1891 constitúese en Ferrol a primeira "*Agrupación Socialista Galega*". En 1894 nace o "*Círculo Católico de Obreros*". Ao ano seguinte o "*Partido Socialista Obrero Español*" acada tamén por vez primeira en Galicia un concellal nesta cidade; onde o movemento obreiro xoga un destacado papel. A masonería, moi arraigada en certos sectores da poboación, funda en 1907 a loxia "*Esperanza*". O desastre colonial de 1898 faise sentir profundamente na capital departamental e na súa extensa bisbarra, e provoca, entre outros sucesos, numerosos despidos de traballadores da Maestranza e a declaración de praza en estado de guerra a consecuencia dos desordos cometidos con tal motivo. O século XX iníciase coa visita da Ralía Rexente María Cristina, quen inaugura as obras do ferrocarril de Ferrol a Betanzos. En 1902, ano da suba ao trono de Alfonso XIII, os republicáns teñen unha importante representación na Corporación Municipal, o que vai permiti-la concesión da xornada de 8 horas de traballo aos funcionarios do Axuntamento e aos empregados do Arsenal. José Canalejas, fillo predilecto da súa cidade natal, visita en varias ocasións. O ano de 1909 é moi importante para o porvir dos nosos asteleiros coa "*Ley de Creación de la Escuadra*", do goberno Maura, pois deica entón a adquisición de escuadras no estranxeiro significaba un exbanxamento de centros de millóns e causaba un grave perxuicio á industria naval. Os resultados desta nova política o mesmo que o arrendo polo Estado dos Arsenais e asteleiros á "*Sociedad Española de Construcción Naval*" fixéronse sentir sensiblemente na recuperación da actividade local. A primeira Guerra Mundial interrompe, nos catro anos da contenda, a produción industrial e de novo a fame asola ás familias humildes.

A situación educativa é deficiente. Desde 1881 numerosos xóvenes asisten á "*Escuela de Artes y Oficios*". En canto aos centros recreativos e culturais pódense mencionalo teatro "*Jofre*", que data de 1892 e outros locais de espectáculos de menor categoría como o "*New-England*", de 1906, "*El Romea*", onde se daban sesións cinematográficas ata 1915 para logo pasar ao salón "*Amboage*". Por aqueles tempos había tamén diferentes sociedades como o "*Casino Ferrolano*", que continuaba sendo a acougada tertulia de altos militares e ricos comerciantes do barrio da Magdalena; o "*Centro Obrero de Cultura*", que a partir de 1911 vai enriquecer enormemente o panorama cultural da cidade; o "*Círculo Mercantil*", de 1913; o "*Círculo de Maquinistas de la Armada*"; o "*Centro de Maestranza*" para os obreiros do Arsenal; o "*Grupo excursionista ferrolano*", filial da Universidade Popular da Coruña; a "*Agrupación Popular de Cultura e Recreo*", que data de 1916 como tamén a "*Fraternidad de Cultura Ferrolana*". Desde comenzos da centuria, "*Airiños da Miña Terra*" e o "*Real Coro de Toxos e Froles*", a partir de 1915, desenrolan unha rica laboura folklórico-musical.



Ateneo Ferrolano
 1879

Por eses tempos aparecen tamén numerosos xornais, algúns de efímera vida, outros de circunstancias e os máis de signo político diverso. Entre eles: "El primero de Mayo", de 1900; os "Anuarios Ferrolanos", fundados por Fort y Roldán nesa data; "El Bien del Obrero", de 1900, socialista como "La Antorcha Social", de 1901; o católico "Canta Claro", de 1901; "La República", órgano do Partido Republicano, de 1902; como "La Chispa", semanario burlón. Polo ano en que nace o segundo Ateneo, surden o socialista "El Trabajo"; o conservador "La Justicia", o mesmo que o "Diario Ferrolano"; "A Terriña", de excepcional nome en galego; "La Voz de Ferrol", independente; sen esquecer "El Correo Gallego" que continúa a información diaria cos seus lectores. De 1904 son o socialista "El amigo del pueblo" e "El Demócrata". Ao ano seguinte editanse "Luz", órgano da "Asociación de Maestros Públicos"; "El Radical"; "La Risa", "Ya te verá", "La defensa católica", "Almanaque de Ferrol", revista anual de artigos coleccionados por Leandro de Saralegui. De 1906 é o semanario "El Moscardón". En 1907 aparece o "Boletín del Círculo Católico de Obreros" e o semanario "La Justicia". Tres anos despois, "El Cruzado", semanario católico; "El Obrero", socialista; "La Batalla Sindicalista", "Acción Sindicalista", "El Sindicalista", "Cultura proletaria". En 1913 "La Tralla", "La Voz de la Liga" en 1914; "El Eco de Ferrol" e "El Pueblo" en 1915, e "Galicia - Boletín rexionalista", último xornal deste período, dirixido por Xaime Quintanilla.

Neste variado contexto, en xullo de 1903 noventa persoas acuden ao chamamento para a fundación do Ateneo. Cando o 31 de outubro se establece a Sociedade só quedan setenta e unha, as restantes só figurarán por curiosidade. Rodrigo Sanz, un dos fundadores, na Memoria reglamentaria do primeiro curso, explicaba esta escasa acollida "a pesar de que el llamamiento se hizo a cuantas personas podían preciarse por su profesión o títulos académicos, por las desconfianzas de lo que sucediera con el primer Ateneo — que situaba erróneamente en 1878 — los celos y prevenções acarca del espíritu del Centro, la rutina de lo oficial y establecido por real Orden, la falta de concepto de lo que significa un Ateneo y para qué sirva y el aislamiento en que vive la ciudad, comercial e intelectualmente, que no permite el saber mundial y apasionarse de las obras de los Ateneos". Ricardo Neira nun artigo aparecido nas páxinas de "El Correo Gallego" dá a súa versión encol dos promotores do Ateneo, aínda que non explica fondamente as razóns dos que abandonaron o proxecto. Para o autor, a "gloria" de fundación do Ateneo non corresponde a Nicolás Fort Roldán —o pai dos "Anuarios Ferrolanos"— nen a Faustino Salanova, senón a José Varela, o verdadeiro iniciador que concebiu a idea de construír con elementos novos unha "tertulia-ateneo" e comunicou o proxecto a algúns dos seus amigos —o articulista entre eles. Todos aceptaron a proposta e constituíuse unha comisión para estudar o Regulamento, formada por Varela, Liste e Neira, que posteriormente reclamaron a colaboración de Cal e Sanz. A explicación de por que moitos se retiraron e nen sequer figuran nas listas de socios, atribúese a que o Ateneo non se constituíu na forma e co obxecto que perseguían a maioría dos seus iniciadores, senón que o seu fin primordial centrábase en poder chegar á extensión universitaria. O mérito, remataba, corresponde aos que realmente fixeron o Ateneo, e que figuran no índice do primeiro Anuario da Sociedade. Anos despois, Alfonso de Cal voltaría sobre o tema nas mesmas páxinas de "El Correo Gallego", onde lembraba desde o seu punto de mira a constitución do Ateneo: No antigo local do "Casino Ferrolano" congregáronse unhas cen persoas. Os convidados á xuntanza preguntaban aos pais da iniciativa encol do carácter que había de ter a Institución, no sentido de saber ata onde sería lícito debou-las ideas, os dogmas e os credos. Ao final só unhas quince persoas serían os auténticos promotores da Sociedade. Os seus obxetivos principais sinaláboas o seu Segretario xeral Rodrigo Sanz:

- 1.º Conquerir un Ateneo estable, permanente, institucional, do pobo.
- 2.º Conquerir unha comunicación intelectual da clase burguesa e proletaria.
- 3.º Conquerir un Centro de espírito de tolerancia e palabra libre, onde se pense en voz alta con elevación de ideas e fondura de sentimentos.

Sobre este punto derradeiro reflexiona criticamente cando manifesta que esas cualidades e virtudes vanse demorando da clase acomodada para pasar á obreira.

Xa na Introducción sinalabamos a dificultade para facermos con algunhas fontes e isto suce-


de no caso do Regulamento da Sociedade do que non atopamos ningún exemplar, como pasaba tamén co do Ateneo de 1879. Só podemos reconstruír algúns puntos dos seus Estatutos, que non eran copia, parece ser, doutras institucións deste tipo:

- O obxecto esencial e inmediato do Ateneo é a exposición e debate dos temas científicos e artísticos en xuntas semanais.
- Créase un Concurso anual de Memorias de socios sobre temas determinados, con premios xa ofrecidos por persoas entusiastas, xa costeados polo Ateneo e consistentes en edición en libros e na edición dos traballos a ser posible. Abrirase retesla sobre as teses das Memorias presentadas.
- O Segretario xeral ten que facer un resume-memoria da vida do Ateneo e presentala ao comenza-lo novo curso.
- O Presidente abre a sesión inaugural e pecha o curso.
- A Xunta Directiva, eleixida anualmente, está composta por:
 - Presidente Xeral
 - Segretario Xeral
 - Presidente de Sección
 - Segretario de Sección
 - Tesoureiro
 - Bibliotecario
- Consta de catro Seccións que abranguen a enciclopedia do saber:
 - 1.º Ciencias Sociais
 - 2.º Ciencias Positivas
 - 3.º Letras
 - 4.º Artes
- Para ser socio hai que pagar unha cuota de entrada e outra mensual. Sin ser socio pódese solicita-la entrada como ouvinte para asistir ás sesións.
- Os segretarios están obrigados a dar algunha conferencia e a facer un resume das súas sesións.
- Facer chega-la extensión universitaria aos obreiros
- Haberá unha asamblea xeral para a rendición de contas.


Ao longo dos tres primeiros cursos a presidencia da Xunta Directiva recae en Andrés Avelino Comerma, Xeneral de Enxeñeiros da Armada, que xa o fora do primeiro Ateneo ao fin da súa curta vida. O Segretario Xeral é o abogado Rodrigo Sanz. En 1907 ocupa a Presidencia o médico civil Emiliano Balás, que en marzo de 1908 presenta a súa dimisión baseándoa en motivos de saúde. Da Segretería Xeral encárgase Luis Mesía Feijóo, Comandante de Infantería de Mariña. Andrés Comerma é distinguido como socio honorario. A finais de outubro de 1908 teñen lugar eleccións para a nova Xunta Directiva. Na segunda convocatoria, por insuficiencia de socios na primeira, sae eleixido como Presidente o licenciado en Filosofía e Letras Alfredo de la Iglesia, mentras que Luis Mesía continúa como Segretario. Ao ano seguinte, polas mesmas datas celébrase Xunta Xeral para a renovación dos cargos directivos, sendo reeleixida por unanimidade a Directiva anterior. Tanto Luis Mesía como Alfredo de la Iglesia, irmán de Santiago de la Iglesia e o home de maior protagonismo na vida do Ateneo, seguirán nos seus cargos, renovados anualmente tal como mandaban os Estatutos, ata o fin de Sociedade.

Moitos dos compoñentes das sucesivas Directivas teñen tamén a súa presenza noutras sociedades, así, Andrés Comerma é eleixido, en 1910, Presidente de "Airiños da Miña Terra"; Alfredo de la Iglesia comparte a Presidencia do Ateneo coa do Casino; Luis Mesía é o Segretario da "Fraternidad de Cultura Ferrolana" e Rodrigo Sanz inaugura cunha conferencia as actividades da "Agrupación Popular de Cultura e Recreo".

O local estaba situado nun dos salóns da "Escuela de Artes y Oficios". Non pretendía ser un lugar de reunión diaria pois cos poucos socios con que contaba a Sociedade podía caer na trivialidade dun Casino. Tratábase, polo contrario, de crear un centro de discusión científica en torno ás sesións que inicialmente se celebraban os sábados. Máis adiante, cando estivese garantizada a conti-



Andrés Comerma y Batalla



Alfredo de la Iglesia y Santos

nuidade do Ateneo, a pesar dos cambios de persoal, sería o momento de conquistar un local propio con porta aberta para as reunións diarias. Así en 1908 adquirese un local na rúa Real n.º 92, 1.º, pasando as nove das mañás dos domingos as sesións reglamentarias. Dous anos despois o salón de xuntanzas é adecentado con melloras no alumbrado e na decoración. De tódolos xeitos o local vaise facendo pequeno para albergar aos numerosos ouvintes. As reformas materiais e o aumento da audiencia, di *"El Correo Gallego"*, van achegando o acariciado propósito de construír a universidade popular e conquerir-la extensión universitaria tal como se pretendía no, xa lonxano, Regulamento fundacional. A comenzos do curso de 1911 vólvese, por acordo dos socios, a celebra-las conferencias ás nove trinta dos sábados. Ao ano seguinte o local social trasládase á rúa Carrialejas, n.º 186, 2.º. A partir de 1914 o "Centro Obrero de Cultura" e ata 1917 pasa a realiza-las súas actividades no local do Ateneo.

No primeiro curso o número de socios era de corenta e sete; no seguinte chega a cincuenta e tres. En 1907 só quedan corenta e dous coa baixa de antigos socios e hasta fundadores pouco identificados coa finalidade da Institución. A cotización era de dúas pesetas mensuais. En 1908 acórdase a admisión de socios sin cuota de entrada, que se mantén no curso seguinte, onde se rexistra un lixeiro aumento dos mesmos, que se mantén nos anos vindeiros. Os obreiros das distintas sociedades podían asistir a tódalas conferencias.

As sesións ao longo do ano soían escomenzar no mes de novembro e durar ata xuño. Nos dous primeiros cursos celébranse un total de 62 conferencias a cárrego de 11 socios; nos dous seguintes redúcese o número a 54, impartidas por igual número de socios e 1 non socio en 1905-6 e por 14 socios e 1 non socio en 1906-7. A partir do curso seguinte xa non podemos rexistrar con exactitude tódalas conferencias posto que non volve a editarse a Memoria anual a pesar de que a lectura da mesma continúa sendo obrigada. En xeral a actividade vaise reducindo: 7 en 1907-8, 10 en 1908-9, 17 en 1909-10, 9 en 1910-11, 5 en 1911-12, para non pasar de 4 nos tres últimos anos.

Para dar máis precisión aos debates, a maioría das conferencias eran lidas. En xeral a curiosidade atrae a grande concurrencia nas primeiras sesións e a mediados de curso a asistencia diminúe. Moitas veces, como escribe Rodrigo Sanz nunha Memoria, o interés do auditorio se determina máis por motivos extrínsecos de solemnidade, persoas e incidentes do que se vai ver, que polo que se vai escoitar. Atrae máis o recreo que o proveito. No primeiro ano chama a atención a asistencia dunha muller e a presenza de cinco obreiros en calidade de ouvintes, dous deles son persoas moi significadas dentro do proletariado local como membros da Directiva do "Centro Obrero de Maestranza". Isto supón o primeiro paso para lograr unha das aspiracións básicas do Ateneo e que se acrecenta ao ano seguinte cando son xa oito os traballadores que acuden as conferencias. O feito de que ao lado de dous Xenerais de Mariña se senten obreiros do Arsenal, reflexa, como di o Secretario Xeral, "el amplio espíritu de nuestro Ateneillo, con este bello detalle de democracia y de nula acepción de personas, aun de aquellas acepciones más fuertes en este pueblo tan oficial y tan poco civil". Non tódolos socios fan o labor do curso ao non asistir a tódalas conferencias, tan só uns poucos acuden ás mesmas e son acreedores ao dictado de asiduos concurrentes.

¿Que temas se presentan nas conferencias?, ¿que problemas se debaten nas retesías? Os límites deste traballo impídenos facer unha exposición exhaustiva de cada unha das sesións e de analiza-los seus contidos. Limitámonos a ofrecer unha catalogación que reflexe as cuestións que preocupaban aos homes que subían á tribuna do Ateneo durante os anos de 1903 a 1917. Algunhas delas, ao menos polo título co que se anuncian, son de difícil clasificación, como por exemplo: "Colonización interior" ou "La insinceridad de España". O tema da educación é un dos que máis conferencias suscita. O socialismo e o comunismo ocupan tamén un lugar de preferencia entre os oradores, o mesmo que algunhas accións do movemento obreiro como o Primeiro de Maio. Outras sesións adócense á temática local, como: "La etimología y el peñasco de Chamorro", "Contribución al estudio de la higienización de Ferrol", "Las construcciones navales en Ferrol"; e algunhas biografías de persoas ferroláns; "La emancipación de la mujer" trátase en dúas ocasións. Lingua e Literatura, Historia e Arte, Dereito, Economía, Forzas Armadas, Comunicacions e Organización do Estado, a problemática da orixe da vida, a Ciencia e os avances técnicos, como unha charla de Comerma sobor os "Adelantos de la navegación aérea", na que presenta un modelo de aeroplano.

no traído expresamente de París; son outras cuestións que se len entre o público asistente. Non faltan tampouco temas de actualidade como a "Construcción del Canal de Panamá", no que se informa do estado das obras ou "El problema marroquí". O poema en galego de Emiliano Balás titulado "Cipriana" xunto coa lectura dunha das súas obras dramáticas galegas, constitúen a excepción ao longo de tódolos cursos onde só se fala en castelán. A actividade das seccións é desigual, así a 2.ª, de Ciencias Positivas, ofrece menos conferencias polas características específicas de tales materias e por cultivarse escasamente entre o público. Por vez primeira as xentes de Ferrol escoitan falar dalgunhas cousas hasta entón inéditas, como os traballos manuais na educación primaria, a cultura árabe, a beleza e a crítica, a codificación civil; a música de Wagner e interpretada en directo por dous virtuosos da cidade que complementan as explicacións do conferenciante.

Moito desta variada temática suscitaba prolongadas e, en ocasións, acaloradas retesías. A suscitada polo tema do socialismo "*fue acometida de frente con una sinceridad y elevación de pensamiento como no se habla visto aquí en boca ni pluma burguesa*", según testimonio de Rodrigo Sanz.


Observando a composición sociolóxica dos conferenciantes, chama a atención a numerosa presenza do estamento militar, entre enxeñeiros, médicos, oficiais e maquinistas do corpo. Convén lembrar, como xa vimos, que un dos Presidentes da Sociedade e un Segretario eran tamén militares. Séguenlles outros profesionais como médicos civís, mestres, abogados, periodistas, enxeñeiros, oficiais de telégrafos e algún obreiro do Arsenal. A maioría deles son residentes na cidade. Ao longo dos cursos, varios socios, para supli-la falta de conferenciantes, suben repetidas veces ao estrado, como son os casos de Rodrigo Sanz, Emiliano Balás, Andrés Comerma ou Alfredo de la Iglesia. Algúns intelectuais ferroláns abandonan o seu compromiso co Ateneo para impartir conferencias no "Centro Obrero de Maestranza". Outros escomenzan o camiño da fama coa súa destacada laboura nas tarefas da Institución.

Tanto pola permanencia nos órganos retores do Centro como polas conferencias que imparten no mesmo e noutras Sociedades, pódese falar dun grupo destacado da intelectualidade ferrolán que xoga un papel de primeiro orde no protagonismo cultural da cidade.

Semanalmente o periódico local "El Correo Gallego" —o seu propietario era socio do Ateneo—, ofrecía os martes ou mércores unha reseña das sesións, o que suplía a falta dun Boletín da Sociedade, coa ventaxa de que así chegábase a un público máis numeroso. Tamén publicaba os comunicados da Xunta Directiva. A partir de 1904 "El Diario Ferrolano" comparte a mesma información. A derradeira conferencia dese curso é obxecto dun artigo expositivo na revista parisién "La France Immobilière", órgano das Asociacións da propiedade de Francia.

A idea de publicar un Anuario coas conferencias e debates celebradas ao longo do curso xurde de varios socios. Como di Rodrigo Sanz: "*será el recuerdo más positivo y más glorioso que pueda quedar de nuestra vida social, y será también mientras vivamos, el estímulo más eficaz de nuestros esfuerzos, recompensados con la satisfacción de verlos conservados en páginas impresas, estimados por humildes que los buscan y encarecidos por intelectuales cuya atención atraen y cuya benevolencia y ayuda disponen en favor del Ateneo*". Tanto a extensión dos mesmos como o número de exemplares editados varía dun ano a outro. O máis amplo é o do curso 1904-5, con 556 páxinas, e o máis reducido é o de 1906-7, con 97 páxinas, pois cinco das conferencias lidas aparecen extractadas polo desexo dos seus autores e só rexistra algunhas das que se celebraron. Do primeiro Anuario saen 150 exemplares e 200 do terceiro. Todos levan unha adicatoria firmada polo Presidente que ofrece o libro aos socios protectores e amigos do Centro, seguindo a sana e proveitosa tradición de conservar e propaga-la obra levada a cabo polos seus socios activos durante os respectivos cursos e como débil testemuño da consideración e gratitude que a todos debe. A coidada impresión faise nos talleres de "El Correo Gallego".

A acollida dos Anuarios trascende aos ambetos locais para ser recibidos calurosamente ata no extranxeiro. O Presidente Comerma recibe felicitacións de persoeiros distinguidos, entre eles, do ex-Presidente Azcárraga, do literato e Senador Salvany, do Ministro Echegaray, do Deán de Tarragona Forés, do Diputado e ateneista Maura, do Rector da Universidade de Santiago, e do escritor Saralegui. Varios xornais dan referencias bibliográficas: "El Eco de Galicia" de Buenos Aires, escribe que o "Anuario enaltece al Ferrol y al resto de la región y aún de España". O Ate-



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolano.org

ANUARIO

DE LAS

CONFERENCIAS Y DEBATES

DEL

Ateneo Ferrolano

EN EL

CURSO DE 1903-904

Recensión de veintiuna conferencias leídas,
y reseña de una leída y nueve orales
y de los debates de cada sesión

EL FERROL

Imprenta y Estereotipia de «El Correo Gallego»
130-REAL-141
1904

El Presidente general del Ateneo Ferrolano edita este libro de 115 ejemplares (destinados á los socios protectores y amigos del Ateneo) para que no se vea interrumpida la sana y provechosa tradición de esta colectividad de conservar y propagar la obra llevada á cabo por sus socios activos durante los respectivos cursos y como débil testimonio de la consideración y gratitud que á todos debe

Emiliano Balás Silva.

El Ferrol, Septiembre 1907.



neo de Reus, o de Barcelona, a Biblioteca de Santiago, agradecen o envío de exemplares e o encornio da Sociedade. O Ateneo de San Fernando manifesta o propósito de celebra-las súas sesións lendo e discutindo as presentadas no de Ferrol. Numerosas sociedades da localidade, o "Círculo de Maquinistas", o "Círculo de Artesanos" e outras, comunican tamén a súa gratitude e felicitación. Como dato curioso, un exemplar acompañou á tripulación da "Nautilus" nunha das súas longas viaxes e recorreu o barco de camarote en camarote.


Outra iniciativa importante desenrolada pola Institución é a celebración dun "Concurso Anual de Memorias" de socios sobre temas determinados. Coas teses das Memorias premiadas ábrese o curso, a súa materia é obxecto de previo estudo por parte da Xunta Directiva, mentras que a formulación concreta corre a cárrago de destacadas persoalidades: Labra, Azcárate, Echegaray, Saralegui y Martínez Salazar son os que propoñen sete temas específicos para o primeiro curso. Para o de "La escuela rural" preséntanse tres Memorias, dúas para o de "La cuestión social", unha para a de "Concepto de belleza, el arte y la crítica" e outra para o de "Noticias bio-bibliográficas del ferrolano Alonso López"; quedan desertos os temas de "La agricultura en Galicia", e o de "Noticias de la villa de Ferrol hasta los Borbones". O tema de "Sentido de negación, rectificación o complemento del Socialismo" e declarado deserto ao non admitirse as dúas Memorias que concurrían. Unha circular impresa coas bases invitaba a participar no Concurso, para o que se daban dous meses de prazo. Entre os ganadores figuran os destacados ateneístas Rodrigo Sanz, Emiliano Balás e Luciano Seoane. Para o segundo Concurso a Directiva suxire os seguintes temas: "Concepto de la libertad", "Estética modernista", "Tuberculosis", "Ganadería gallega", "Higienización urbana" e "Instrucción primaria". Figuras destacadas forman o Xurado: Azcárate, Benot, Fernández Caro, De Labra y Cossío. Preséntanse tres Memorias e Rodrigo Sanz e Emiliano Balás volven a estar entre os ganadores. Do terceiro Concurso só sabemos que non se presenta ningún, a pesar de que se escolleron para temas as cuestións que predomina-ban nas conferencias e de dar aos socios un mes máis de prazo para presenta-los traballos.

Coincidindo co terceiro aniversario da publicación do Quixote, a Xunta Directiva, a proposta do seu Segretario Rodrigo Sanz, acorda contribuír á homenaxe a Cervantes cunha velada artístico-literaria, a pesar da recomendación de "El Correo Gallego" para que o Ateneo convocase aos ferroláns co fin de celebrar uns festexos populares. Depois de salvar algunhas contrariedades, en maio de 1905 celébranse dúas veladas cervantinas coa participación de Alfredo de la Iglesia, Aurelio Ribalta, Emiliano Balás, Federico Landrove, Rodrigo Sanz e Ricardo Neira. O Presidente Comerma abre a sesión cun breve discurso no que, entre outras palabras, di: "Este Ateneo, estimando las excitaciones oficiales y más aún comulgando en el sentir unánime de la intelectualidad española, hace también su conmemoración modestísima, íntima y de familia, sin más fiesta que el goce interior de los que aquí venimos a pronunciar o escuchar con veneración el nombre de Cervantes". Cos traballos presentados imprímese un folleto, que chega a solicitarse desde Concepción no Uruguay.

Dentro dos presupostos do Centro adócase desde o primeiro curso unha pequena cantidade para o servizo da Biblioteca. Sabemos que nas súas estanterías figuraban 80 fascículos da "Revista de Madrid" e a "Revista Hispanoamericana", dos anos 1881, 1882 e 1883; que foran donadas polo socio Luis Mesía. Habla tamén un exemplar dunha edición reciente do Quixote en tres tomos, adequerido en dez prazos de 5 pesetas; exemplares dos Anuarios, das Memorias premiadas e da homenaxe a Cervantes.

Outra serie de actividades completan a variada labourea cultural da Institución. Na sesión de apertura do curso de 1910, o Presidente Alfredo de la Iglesia adica unha lembranza aos oradores das Cortes constituintes de 1810 no seu Centenario. Nese mesmo curso danse clases de esperanto polo médico da Armada Javier Casares, e "El Correo Gallego" pide ao Ateneo e ao Casino que xestionen un concerto do famoso neno precoz, Pepito Arriola, cando veña á súa cidade natal. En xaneiro de 1911 a Asamblea extraordinaria do Ateneo acorda adicarlle unha homenaxe ao socio fundador Ramón de Arana y Pérez, coñecido polo pseudónimo de Pizzicatto, "en atención al extraordinario y meritosísimo servicio prestado a la causa de la cultura artística de Galicia con su obra Colección de Cantos populares gallegos", que obtuvo un primeiro premio na derradeira Exposición Nacional de Bellas Artes celebrada en Madrid. Noméase a Arana socio de honor e unha comisión, na que figura o Presidente da Sección de Bellas Artes, o pintor Vicente Díaz González, encarrégase

de xestionar unha suscripción pública para recabar fondos e así edita-la citada obra. No curso de 1912 o militar Luis Mesla propón celebra-lo segundo Centenario do ilustre mariño Jorge Juan, un dos artífices do Arsenal de Ferrol. No curso seguinte o Ateneo rinde homenaxe, xunto a outras sociedades da cidade, a Andrés Comerma con motivo dos seus 71 anos. En marzo de 1917 participa de novo na homenaxe póstuma de Comerma, figura destaca no latir cultural da poboación ao longo de moitos anos.



Ateneo Ferrolán
 Un lugar de encontro para a cultura
 Fundado en 1879
 Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
 www.ateneoferrolan.org



Merece tamén destacarse a presenza da Institución na vida pública da cidade departamental. Cando a Corporación Municipal convoca unha Xunta extraordinaria no Axuntamento para tratar asuntos e reformas locais, a ela asiste Emillano Balás en representación do Ateneo, que é nomeado ponente no problema da limpeza da dársena de Curuxeiras. Na conferencia de Ricardo Neira sobre "La traida y suministro de aguas ze Ferrol" invítase a persoas destacadas e organismos públicos por tratarse dun problema de vital importancia para a poboación. Por medio de Andrés Comerma, a Sociedade ofrece a súa cooperación moral, xa que doutro tipo non podía prestala, para construír un asilo na memoria de Concepción Arenal. Unha comisión visita en nome do Centro ao Ministro de Mariña, Xeneral Concas, cando chega á cidade en atención á conferencia que dera no

Ateneo sobre *"La necesidad urgente de fomentar la Marina de guerra"*, na viaxo que fixera como membro do Fomento Naval. Cando a Sociedade de Literatos de Paris demanda firmas para solicitar do Emperador de Rusia o perdón de María Sipiridonoff —xoven que cometera un crime en condicións excepcionais, que atenuaban o feito e que fora cruelmente maltratada pola policía—, o Ateneo envía unha mensaxe de adhesión suscrita por cincocentas firmas, entre socios e participantes, que contribúen á concesión do perdón. En agosto de 1908, entre as representacións que acuden a recibir a Canalejas cando chega á súa cidade natal, figura unha comisión do Centro. Cando o político ferrolán accede á Presidencia do Consello de Ministros recibe unha calurosa felicitación do Ateneo, do que é Presidente honorario. En febreiro de 1911 a Directiva envía un telegrama ao alcalde de Zamora asociándose ao do nacional polo finamento de Joaquín Costa. No salón da Sociedade ten lugar unha xuntanza, en marzo de 1912, para tratar o problema da substitución do imposto de consumos e o seu Presidente invita aos cidadáns a enviar escritos sobre o tema para ilustrar coas súas opinións o estudo de tal asunto. En novembro dese ano celébrase unha sesión necrolóxica en memoria do asasinado Canalejas, e o Presidente asiste aos funerais, xunto con outras institucións. Cando a viúva chega á nosa cidade tamén acude una representación a recibila na estación do ferrocarril en agosto de 1916. Precisamente o tema do ferrocarril e outro dos asuntos polos que se interesa a Entidade cando as forzas vivas de Ferrol loitan pola súa consecución do seu trazado ata Betanzos. Finalmente o Ateneo colabora coa sociedade *"Naturales de Fene"* —fundada por emigrantes na Habana—, na creación das escolas de Maniños e Fene..

As razóns da lenta desaparición do Ateneo non hai que buscalas na súa situación económica, pois os seus recursos eran suficientes. O maior desembolso destinábase a edición dos Anuarios, mentras se fixeron cun coste de seiscentas pesetas. Coa cotización de oito socios facíase fronte aos gastos administrativos que non pasaban de 16 pesetas. Na memoria do curso de 1906-7 pódense ler unhas reflexións do Segretario Luis Mesía que axudan a comprender o fracaso da Sociedade: *"No solamente no hemos adelantado lo que nos proponíamos, sino que no debemos hacernos ilusiones para el porvenir y que es urgente cambiar el rumbo, pues si el Ateneo continua por los mismos derroteros que ha recorrido desde hace tres años, concluirá por extinguirse. ¿Dónde están todos esos jóvenes médicos, farmacéuticos, abogados y militares que habiendo terminado recientemente sus carreras, parecía natural que viniesen a este Centro a darnos a conocer el fruto de sus últimos trabajos, a poner de relieve su mayor o menor conformidad con las teorías que les enseñaban y, por último, a difundir sus aspiraciones?"*. Esta ausencia non a xustificaba á apatía deses profesionais senón o faio da Institución en non saber atraelos; como ocurría tamén coa maioría dos socios que non acudían as sesións. Outra causa estaría nas repeticións de certos temas e de algúns conferenciantes o que facía do Ateneo un pequeno círculo pechado, sen que o resto da burguesía local fixese nada por potencialo. Pouco a pouco vai esmorecendo e xa en 1917 a única mención que temos é a participación da Sociedade na homenaxe a Comerma, precisamente o home que vira nacer e desenrola-la Sociedade dende a súa primeira fundación.

Anos despois, Emilliano Balás lembraba a súa significación con estas palabras: *"El Ateneo Ferrolano fue un viaducto salvador del abismo antaño existente entre la clase obrera y la burguesía y dio por resultado en aquella época, la aproximación y más aún la compenetración entre los obreros ávidos de instrucción y cultura y aquellos que se hallaron dispuestos a patrocinársela sin otra mira que un altruista espíritu de solidaridad humana. El Ateneo que debió el esfuerzo de sus fundadores al interés despertado en la clase obrera con motivo de los problemas sociológicos, tratarlos en serio y que dicha clase interesaba conocer como eran tratados por los disertantes, convirtieron aquel cenobio de virtuosos del estudio, en centro de vida activa, estimulada por la presencia de hombres activos de luz que llegaron a tomar parte en las tareas del Ateneo"*.

Pérez Chao nas páxinas de *"El Correo Gallego"* reflexionaba sobre o recén desaparecido Ateneo, *"de feliz recordación en cuanto a la calidad de sus elementos directores y los esfuerzos de hombres de prestigio intelectual indiscutible como el finado general Comerma, R. Sanz, L. Mesía, E. Balás, Santiago y Alfredo de la Iglesia, que no lograron extender su misión educadora, hacer ferrolana aquella institución que murió sin iniciar siquiera su generoso ensueño de universidad popular"*.

O "ATENEO SINDICALISTA DE FERROL", 1914-1915



Ateneo Ferrolán
En lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 2025-2031-Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Xa comentamos a presenza anarquista en Ferrol desde 1871. Dentro do período histórico anteriormente estudado sitúase o *"Ateneo Sindicalista"*, do que non podemos aportar moitos datos. Atopábase na rúa Magdalena, n.º 166. Dirixeo López Bouza y Viéytez en colaboración con Constancio Romeo, representante da *"Antorcha Galaica de Libre Pensamiento"*, da Coruña.

A primeira noticia que temos é a organización dun mitin, en marzo de 1914, para protestar contra a detención de Miguel D'Lom, preso na cadea da cidade por repartir unhas follas clandestinas, e contra os procesos de todos aqueles que están nas cadeas por delitos políticos e sociais. O Ateneo agrupaba a distintas colectividadeas obreiras, que compartían o mesmo local social. As conferencias tiñan un marcado carácter político: *"Socialismo y sindicalismo"*, *"Sindicalismo, socialismo y anarquismo"*, eran algúns dos títulos que aparecían nas páxinas de *"El Correo Gallego"*, e que atraían a unha numerosa concurrencia proletaria. Ademais das conferencias tódolos xoves facíanse lecturas comentadas *"para todos aquellos que deseen discutir, enseñar y aprender"*. O Centro dispoñía dun *"Cuadro Artístico Racional"*, constituído por asociados, que facían representacións teatrais por Ferrol e bisbarra. Un dos proxectos da Sociedade era o de crear unha Escola Racionalista.

O feito máis notorio do Ateneo Sindicalista é a celebración dun Congreso Internacional a Favor da Paz, xunto con outras agrupacións cenetistas da cidade, *"Los iguales"* e *"Solidaridad Humana"*. A iniciativa xurdira doutra sociedade irmá o *"Ateneo Libertario de Gijón"*. Despois da celebración dun mitin no teatro Romea, presidido por Miguel D'Lom, onde se proncian fogosos discursos contra a guerra europea ante unha numerosa concurrencia; apróbase o seguinte manifesto: *"El Ateneo Sindicalista de Ferrol (España), pequeño en número pero grande en ideales de redención humana, convoca a un Congreso Internacional a socialistas, sindicalistas, anarquistas y organizaciones obreras del mundo, para discutir el siguiente orden del día:*

- 1.º *Las medidas más rápidas para teminar la actual guerra europea.*
- 2.º *Nueva orientación a seguir en lo sucesivo, para evitar tales crímenes de lesa humanidad.*
- 3.º *Desarme general de los ejércitos permanentes"*.

O Congreso celebrábase na nosa cidade, de nutrida presenza proletaria e axitada pola crise provocada pola Guerra Europea, os días 30 de abril e o 1 e 2 de maio de 1915. As razóns de facelo en Ferrol, segundo o Ateneo eran as seguintes: As comunicacións por Europa eran difíciles, A Coruña era o porto máis concurrido polas Mariñas mercantes, así para as delegacións de Francia, Inglaterra e Rusia era moito máis fácil vir á Coruña, que a outro calquer porto da Península; o mesmo que para os alemáns, belgas, austríacos, que podían embarcar en Holanda. Para os de América era sabido que A Coruña era o porto de España onde recalan máis vapores. Por todo ilo Ferrol era o lugar máis axeitado para celebra-lo Congreso.

A cidade departamental vive momentos de tensión ante os preparativos de tan importante acontecemento. Por orde gubernativa envíanse reforzos de policía e concéntrase a gardia civil. A mesma conmemoración do Primeiro de Maio ten un marcado carácter antibelicista. Entre os primeiros en chegar atopamos aos anarquistas Antonio Loredó e Emilio Larbo, membros da C.N.T. barcelonesa, que veñen para auxiliar nos traballos preliminares do Congreso. A pesar de que moitos invitados estranxeiros non poden vir pola imposibilidade de obter pasaporte, máis de vinte sindicalistas de diferentes países, son vixiados pola policía ademais de relevantes persoeiros do anarquismo español como Angel Pestaña, Manuel Andreu, Eusebio Carbó, e destacados Libertarios da Coruña, entre eles Constancio Romao. Cando os 36 delegados que representaban a numerosas entidades obreiras de España e do estranxeiro encataban as sesións, o alcalde Fermín Zalada comunica a suspensión do acto por orde do Ministro conservador Eduardo Dato. Coméntase, por entón, que a prohibición obedece a determinadas xestións dunha das nacións belixerantes. A maioría dos asistentes son detidos e os delegados estranxeiros son deportados. Aos poucos días conséguese que todos queden en liberdade e a Comisión organizadora recibe multitude de adhesións de Europa e América e incluso dos países en conflito.

O Congreso, que se ocupara tamén da creación dunha Internacional Obreira e da reconstrución da C.N.T., posta fóra da lei en 1909; decidiu crear un Comité que se encargaría de coordinar internacionalmente a acción antibelicista e que lanzaría cada quince días unha alocución revolucionaria, redactada nas linguas que falan as nacións belixerantes, facéndoa chegar por tódolos medios ás trincheiras e aos campos de batalla.

OS ATENEOS FERROLANS NA SEGUNDA REPUBLICA, 1931-1937



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 20-201, Ferrol

www.ateneoferrolan.org

Nas eleccións municipais do 12 de abril de 1931, que provocan a proclamación da II República, polo Axuntamento de Ferrol —cunha poboación que supera os 35.000 habitantes—, saen elixidos 7 monárquicos, 13 republicáns e 13 socialistas. A porcentaxe dos concelleiros do P.S.O.E. é a máis alta entre tódolos Axuntamentos de Galicia. O Partido Comunista constitúese legalmente nese mesmo ano e as organizacións sindicais U.G.T. e C.N.T. contan cunha forza considerable. Durante o período republicán actúan as loxias "Francisco Suárez N.º 10 del Grande Oriente Español", a "Atlante N.º 1", a "Hércules" e a "Breogán N.º 16". Algúns dos seus membros terán unha participación activa nas tarefas do Ateneo.

O Goberno da República paraliza a concesión de novos programas navais, pola crisis desatada en 1929, e de novo a pantasma do pero axita á cidade o mesmo que os tantos conflitos políticos que vive o país. En maio de 1932, ante os despedidos da Constructora Naval, dasátase unha folga xeral na cidade que se estende por toda Galicia. Os sucesos revolucionarios de outubro de 1934 teñen tamén unha forte repercusión na capital departamental, onde o alcalde socialista Xaime Quintanilla, o mesmo que varios concelleiros, é cesado a raíz dos graves conflitos desatados. Sustitúelle o republicán Segundo Cotovad. No plebiscito do 28 de xunio de 1936, o pobo ferrolán vota maioritariamente, como no resto de Galicia, a favor do Estatuto de Autonomía.

Os anos da República son tamén unha época de esplendor cultural xeralizado. Só en Asturias localízanse 79 Ateneos. En Ferrol ademais deste Centros, diversas sociedades desenrolan unha ampla e rica actividade. A máis importante de todas elas é o "Centro Obrero de Cultura" que algún día haberá que rescatar tamén do esquecemento colectivo. Fundado en 1911, de tendencia socialista; dende distintos frentes educativos: conferencias, excursións e unha das mellores bibliotecas de Galicia de entón, difunde a súa magnífica tarefa entre os sectores populares. Dende o curso de 1927-1928 os estudantes de bacharelato xa non teñen que se desprazar da cidade para realiza-los seus exames pois comenza as súas clases o Instituto Cocepción Arenal. O salón de actos será escenario de numerosas conferencias organizadas pola "Asociación de Padres de Alumnos". Coincidin-

do coa festa do Primeiro de Maio de 1932 inaugúrase a "Escuela Racionalista", de orixe libertaria. O espiritismo cultívase en decenas de círculos domésticos e o "Centro Espiritista" é considerado como un dos mellores de España. Hai tamén unha organización naturista, "Aire y Sol", pertencente á sociedade "Lyceum", que promove excursións pola bisbarra ferrolá. Cine, exposicións, e tertulias celébranse no belo edificio modernista do "Casino Ferrolano". Continúan tamén as súas actividades o "Círculo Mercantil e Industrial", o "Círculo de Maquinistas de la Armada" e o "Círculo Católico de Obreros", ademais das agrupacións "Sociedad Ferrolana de Bellas Artes" e a "Casa del Pueblo". O "Real Coro de Tóxos e Froles" e a rondalla "Airiños da Miña Terra" prosiguen na labourea de exalta-la música popular.

Ao longo destes anos os partidos políticos despregan unha intensa actividade, que se reflexa nos numerosos xornais que aparecen, de significado ideolóxico diverso: "El Obrero", de 1930, órgano da "Agrupación Socialista Ferrolana"; "Cultura Proletaria", de 1931, anarquista; "Ferrol Libre", da mesma data e portavoz dos republicáns federais. Ao ano seguinte editanse "Renovación", republicán de esquerdas; "La Democracia", do "Partido Republicano Radical". "Erte", de 1933, é unha publicación do grupo galeguista de Ferrol. Un ano despois aparece "La Verdad", órgano da "Derecha Regional Gallega", e en 1935, "El Radical", semanario afecto ao "Partido Republicano Federal", "IR", xornal da "Izquierda Republicana" e "Alerta", das "Juventudes Socialistas". Outro tipo de xornais completan este amplo abano do período republicán: "Trabajadores de la Enseñanza", socialista; "Nueva Infancia", confeccionado por xóvenes estudantes; "Cultura", editado polo "Centro Obrero de Cultura" e "Labor Gallega" polo Tóxos e Froles; "Memorial Técnico del Auxiliar de la Armada", "La Voz del Inquilino", "El Kardeciano", revista espiritista dirixida por Rodrigo Sanz; "Nosotras", órgano da Asociación de Pais do Instituto; mentras que "El Correo Gallego" continúa sendo o diario de información local.

Neste contexto de liberdades políticas, de conflitos sociais e de nutridas ofertas culturais si-túase o nacemento do "Ateneo Ferrolano" e do "Ateneo Cultural de Ferrol Viejo".

O "ATENEO FERROLANO", 1931-1936



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para todos
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202 291 Ferrol
www.ateneoferrolano.org

Rematada a Diktadura, en abril de 1931 un grupo de personalidades xúntanse na segredaría do Patronato de cantinas Escolares e nomean como Presidente da comisión organizadora do Ateneo ao médico e artista Emiliano Balás, que xa o fora no anterior Ateneo durante o curso 1906-1907. Forman parte da comisión xestora outros antigos membros, como Alfonso de Cal e Luciano Seoane; ademais de Xaime Quintanilla, Fernando Herce, Vicente Losada e Pérez Barreiro. "El Correo Gallego" felicita aos pretixiosos veciños por unha iniciativa tan louvable. A comisión envía unha convocatoria pública, na que se di: "Al hacer el propósito de resurgir el Ateneo Ferrolano, como centro de divulgación artística, científica y literaria, con miras exclusivamente al cultivo intelectual, de expansión cultural, aparte de toda ideología exclusivista, invitamos a Vd., como persona propensa al estímulo de esa aspiración a que concurra a una reunión previa para adoptar acuerdos en orden a la mejor organización del proyecto". Pouco tempo despois nunha das aulas do Instituto Masculino comenza a discusión do Regulamento, elaborado pola Xunta Directiva provisional. A primeiros de maio apróbase en asamblea, tal como esixía a Lei de Asociacións, o proxecto de Estatuto do Ateneo e Emiliano Balás, que por entón contaba con setenta e dous anos, é confirmado como Presidente. O cargo de Segretario ocúpao o abogado Alfonso de Cal e o profesor Germán Araujo o de Tesoreiro. O resto da directiva a compoñena o Vicesegretario, Presidente, Vicepresidenta e Segretarios de Seccións, que abranguan as seguintes disciplinas:

- Belas Artes
- Pedagogía
- Xeografía e Historia
- Literatura
- Matemáticas, Ciencias físicas, químicas e naturais.

En outubro de 1932 a asamblea xeral de socios designa a José Maristany para substituír ao Presidente Emiliano Balás, que renuncia ao seu cargo por non poder atendelo e pasa a ocupa-la presidencia da Sección de Xeografía e Historia. Da Segredaría Xeral encárrégase Augusto Vázquez Barroa. O resto da directiva tamén se renova. O novo Presidente expón a razón de ser da Institución que basa na libre discusión, pois nas universidades modernas falta sitio para os que inquedados polo seu espírito de investigación queiran expoñer as súas ideas e controvertí-las de outros. Deseña que na tribuna do Centro se poda discutir de todo ata a existencia de Deus e que a ela suban

católicos, budistas ou ateos. Referíndose á política non ve inconveniente en que se discuta e incluso se ataque a laboura dos gobernos, sempre con obxectividade e sen que a Sociedade teña que se facer responsable da conduta dos seus oradores. Comenta a retirada en masa do sector católico, que reduce aos socios do Ateneo á metade, e trata de explicala pola forma descortés con que fora atacado en certos debates, anque eles tamén caeron no mesmo pecado de mofa e insulto. Ao mesmo tempo rebate as afirmacións que acusan ao Ateneo de bolchevique ou comunista para precisar que é absolutamente incoloro e pluralista e que xamais negará a súa tribuna a ningún.


Pouco máis sabemos dos compoñentes das Directivas ao longo destes anos. Temos constancia de que o derradeiro Presidente é o prestixioso médico Ramón Cordero Gómez, que denantes ocupara a presidencia de varias seccións.

Cos datos de que dispoñemos non é posible reconstruí-los Estatutos da Sociedade nen facer unha análise exhaustiva das sesións celebradas ao longo dos anos da República; de aí que a nosa exposición sexa necesariamente limitada. As conferencias, que solían comenza en outubro, pronúncianse no local do Centro, sito na rúa Canalejas, 149, baixo. Non se chega a se realiza-lo proxecto de trasladalo a outro lugar que ofrecese máis posibilidades. Os actos non eran públicos e podíase exixi-la tarxeta de socio; en ocasións permitíase a entrada de todo o mundo, ademais dos periodistas.

En xullo de 1931 o Ateneo inaugura as actividades cun ciclo sobre Espiritismo, por iniciativa do erudito e veterano ateneísta Rodrigo Sanz, nomeado Presidente honorario, que pretende plantear por vez primeira en Ferrol tan controvertido tema. Segundo as súas mesmas palabras a característica dos Ateneos *"ha sido siempre la inquietud espiritual, la vital preocupación por el presente o por el porvenir; ha sido siempre el debate sobre temas palpitantes, la elaboración de ideas que llegan, que se anuncian como realidad nueva y como rectificadoras de ideas y realidades que se van y se despiden"*. As teses e retesías das discusións, entre elas a do médico Xaime Quintanilla, aparecen editadas dous anos despois baixo o título de **Polémica sobre Espiritismo**. É un libro de 204 follas que se reparte como propaganda.

A temática relixiosa ocupa tamén a atención de varios oradores, que interveñen nun ciclo sobre o *"Milagre"*. O famoso sacerdote Matías Usero Torrente fala de: *"Las religiones del mundo y la religión de la Humanidad"*. Co salón cheo de xente, que fai o local insuficiente, celébrase un ciclo de conferencias de carácter social coa participación do Segredario local da C.N.T., Mario Rico, que no tema do *"Sindicalismo"* expón o proxecto da súa central de construír en Ferrol unha barriada para os traballadores manuais. O tema do *"Comunismo"* o defende o líder obreiro Guillermo Cedrón. En conmemoración da Festa do Traballo, Francisco Iturralde, profesor da Escola Racionalista, pronuncia dúas charlas sobre *"El trabajo en la Historia"* e *"Los mártires de Chicago"*.

As seccións de Literatura e Belas Artes orgaizan unha serie de recitais poéticos, cecais co argumento de impedi-la creación dunha nova sociedade. Pero a pesar destas ofertas nace a *"Sociedad Ferrolana de Arte"*, baixo a presidencia de Dictinio del Castillo. O *"Estatuto Galego"* é tratado por notables conferenciantes, entre eles, Rodrigo Sanz e o profesor Ricardo Carballo Calero. Con motivo das eleccións a deputados de novembro de 1933, orgaízase un *"Ciclo de orientación electoral"*, coa participación das primeiras figuras dos partidos políticos con presenza na cidade. Anque non temos referencias do emprego do galego nas conferencias, ao menos de forma habitual, a Historia de Galicia si está presente en *"Gelmírez"* ou *"Pardo de Cela"* o mesmo que *"La música gallega"*. A temática educativa tamén está presente o mesmo que certos problemas médicos. Cuestións como *"El origen de las especies"* ou a *"Teoría de la relatividad en el campo de la Filosofía"* escóitanse cecais por vez primeira entre o público ferrolán. *"El Correo Gallego"* recolle semanalmente as reseñas das sesións. Unha das últimas conferencias no Ateneo, denantes de que o pronunciamento militar rematase con todo, foi a de Jesús Suevos, de clara tendencia falanxista. O tema a desenrolar non era sen embargo político senón sobre literatura francesa contemporánea. Pero a pesar dilo un grupo de persoas, na maioría obreiros, concentróuse nas portas do local e cos seus berros trataban de impedi-la celebración do acto. Algúns dos que lograron entrar no salón protestaban porque o orador facía citas en francés e querían saber de que se trataba. Co incidente os directivos deron por levantada a sesión.



Ateneo Ferrolán
 Lugar de encontro para cultura
 fundado en 1879
 Rúa Canalejas 149, 201, Ferrol
 www.ateneoferrolan.org

POLEMICA
SOBRE
ESPIRITISMO

DISCUSION
DE LAS PRINCIPALES TESIS
ESPIRITISTAS HABIDA EN LAS
CINCO PRIMERAS SESIONES DEL
ATENEO FERROLANO
 (17 Julio a 14 Agosto 1931)



Emiliano Balás Silva

A composición social dos conferenciantes, a maioría deles residentes na cidade, é tan plural como a variedade dos temas suscitados. Destacan, como no anterior Ateneo, certos sectores da burguesía ilustrada, que por orde cuantitativo son: profesores, abogados, e médicos. O estamento militar ten, de novo, unha nutrida representación, aínda que non tan numerosa como no Ateneo de 1903-1917. Ao fronte dalgunhas seccións figuran tamén militares. Oficiais de Correos e obreiros teñen unha limitada representación.

A marxe das conferencias, o Centro orgaliza unha longa serie de actividades: Unha comisión formada por Emiliano Balás, o Presidente da Sección de Belas Artes, Fernando Herce Vales e o pintor Carmelo González, promove unha Exposición de Pintura e Escultura de artistas locais na sede da Sociedade. A morte do ilustre Santiago de la Iglesia, un dos homes máis vinculados á vida do Ateneo desde a súa primeira fundación, adcaselle unha velada necrolóxica e unha comisión formada polos Presidentes de tódalas Seccións concurren ao seu enterro. Coa asistencia de moitísima xente, que enche como nunca a sala do local social, pronuncia unha conferencia sobre "El viaje al Amazonas", o capitán ferrolán Iglesias Brage, glorioso piloto, que agradece a iniciativa da Xunta Directiva para acadar fondos para a bandeira de gala do barco "El Artabro", no que se vai realizar a exploración científica pola cunca do Amazonas. O Centro contribúe coa cantidade de 100 pesetas. A Directiva chega a pofirse en contacto co delegado da expedición Iglesias en Manaos, Estado do Amazonas para que recolla cartos entre a colonia gallega desa cidade, destinados á confección de dita bandeira. En xullo de 1932 convócase a unha Xunta Xeral extraordinaria a tódolos socios para tratar da adhesión á Liga Internacional contra a guerra. Algúns directivos e socios do Ateneo interveñen no "Cursillo Pacifista", orgaizado polo "Centro Obrero de Cultura"; entre eles, Matías Usero, Emiliano Balás e o Presidente José Maristany, que diserta sobre a "Única maneira de terminar a guerra". Dela recollemos algúns párrafos como expresión do pensamento do home que rexla os destinos da Institución: "Contra el poderío real tenemos la República; las luchas religiosas que un día fueron espanto del mundo han desaparecido felizmente. Las luchas por el comercio y la industria habrá de solucionarlas el socialismo, pero no el socialismo de la UGT o de la CNT sino por medio de un capitalismo de Estado. El hombre que absorbe la tierra y sus productos tiene que desaparecer porque Dios ha dado la tierra para todos y el derecho a comer por el hecho de nacer". Unha delegación do Ateneo acompaña á mesa presidencial non certame que se celebra, orgaizado polo "Centro Obrero de Cultura", no teatro Jofre para conmemorar-las memorias dos insignes ferroláns Concepción Arenal e Pablo Iglesias. A presenza pública da Institución maniféstase, unha vez máis, coa participación de Emiliano Balás, en representación do Ateneo, no acto oficial da apertura do curso escolar no Instituto, baixo a presidencia do alcalde Xaime Quintanilla. Só outra sociedade de prestixio, o "Centro Obrero de Cultura", está tamén presente, na cerimonia inaugural.

A labouza cultural desenvolvida polas anteditas Institucións recibe cálidos eloxios da prensa. Entre o Ateneo e o Centro Obrero existen, como xa vimos, frecuentes relacións e nas charlas que programan sempre reservan un número de localidades para os socios invitados. De feito, como pon de manifesto Rodrigo Sanz, a única razón pola que o Ateneo pode existir, habendo en Ferrol o "Centro Obrero", son os debates das conferencias xa que neste non se celebran; pero que conta ademais coa única biblioteca pública, moi completa e numerosa, de toda a cidade. Por outra banda, o servizo de lectura do Ateneo era moi modesto.

Outro capítulo que tamén merece sulñarse é a colaboración prestada pola Sociedade a outras entidades para celebrar actos e reunións no seu local social. Desde os aficionados que se interesan pola actuación futbolística do Racing, pasando pola Unión de Clases Pasivas, ata diversas orgaizacions e partidos políticos; todos atopan acollida na sé do Ateneo, que desta forma desexa amosa-lo carácter neutral que preside tódolos seus actos.

Nesta ocasión non vai ser unha acendida polémica na prensa ou o reducido poder de convocatoria da Sociedade o que poña remate á importante labouza cultural desenvolvida ao longo dos anos da II República, senón algo máis dramático e violento: o Alzamento militar que sega durante moito tempo todo soplo de vida artística, de libre expresión das ideas e de divulgación cultural, co agravante do exterminio físico dunha floreciente intelectualidade ferrolá. Moitos deses homes foron os artífices da memorable tarefa levada a cabo polo Ateneo, e da que só estas páxinas recobran parte.

O "ATENEO CULTURAL DE FERROL VIEJO", 1934 - 1936



Ateneo Ferrolán

Concilio para a cultura

Desde 1879

Poucos datos podemos ofrecer, de momento, sobre a historia deste Ateneo, nado no barrio de Ferrol Vello en xuño de 1934. A sé social estaba na rúa da Merced, número 7. O seu Segretario era Juan Novas. Na súa presentación amosa a disposición de cooperar en tódalas manifestacións de cultura. No mesmo mes da súa fundación estrénase no teatro Jofre unha comedia dramática, en catro actos, do dirixente cenetista Mario Rico, titulada "Triunfa el amor". Os actores eran membros do Cadro Artístico da Sociedade. Temos constancia tamén da que patrocina unha conferencia no local do Sindicato de Transportes, na rúa do Socorro, e a cárrgo do republicán federal Pedro Guimarey; e de que impartía clases ao longo do curso escolar. O Alzamento e a Guerra Civil poñerán fin á súa actividade.

EL OBRERO

NO. 111 - Núm. 128

ORGANO DE LA ASOCIACIÓN SOCIALES FERROLANA Y DEPENDIEN DE LA CLASE TRABAJADORA
Redacción y Administración: Sotomayor López, 16 B.

CASAS VIEJAS
El Ferrol, 2 de Enero de 1934

Con todo género de precauciones

El Ateneo Cultural de Ferrol Viejo, por medio de su Comité de Redacción, ha publicado un número extraordinario de su revista "El Obrero", en el que se han publicado los trabajos de los autores que han colaborado en el mismo. Este número extraordinario de la revista "El Obrero" ha sido publicado con el fin de que los lectores puedan apreciar el trabajo de los autores que han colaborado en el mismo. Este número extraordinario de la revista "El Obrero" ha sido publicado con el fin de que los lectores puedan apreciar el trabajo de los autores que han colaborado en el mismo.

Ateneo Cultural de Ferrol Viejo

El Ateneo Cultural de Ferrol Viejo, por medio de su Comité de Redacción, ha publicado un número extraordinario de su revista "El Obrero", en el que se han publicado los trabajos de los autores que han colaborado en el mismo. Este número extraordinario de la revista "El Obrero" ha sido publicado con el fin de que los lectores puedan apreciar el trabajo de los autores que han colaborado en el mismo.

La vitola de algunos galleguistas

En la vitola de algunos galleguistas, se puede apreciar el trabajo de los autores que han colaborado en el mismo. Este número extraordinario de la revista "El Obrero" ha sido publicado con el fin de que los lectores puedan apreciar el trabajo de los autores que han colaborado en el mismo.

En la vitola de algunos galleguistas, se puede apreciar el trabajo de los autores que han colaborado en el mismo. Este número extraordinario de la revista "El Obrero" ha sido publicado con el fin de que los lectores puedan apreciar el trabajo de los autores que han colaborado en el mismo.

BIBLIOGRAFIA

- Anuario de las conferencias y debates del Ateneo Ferrolano en el curso de 1903-1904*, Ferrol, 1904.
Anuario de las tareas del Ateneo Ferrolano en el curso de 1904-1905, Ferrol, 1905.
Anuario de las tareas del Ateneo Ferrolano. Curso de 1905-1906, Ferrol, 1906.
Anuario de las conferencias y debates del Ateneo Ferrolano en el curso de 1906-1907, Ferrol, 1907.
 BAR, A.: *La C.N.T. en los años rojos*, Akal Universitaria, Barcelona, 1982.
 "Correo Gallego, El", Ferrol, 1879, 1908-1917, 1931-1936.
 DOBARRO PAZ, X.M. e FANDIÑO VEIGA, X.R.: "Periodismo" en *Ferrol*, Gran Enciclopedia Gallega, Santiago, vol. 12.
Enciclopedia Larousse, Barcelona, 1967, vol. 1.
Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana, Barcelona, s.f., vol. 6.
 FERNANDEZ FERNANDEZ, M.: "Anarquismo", G.E.G., Santiago, vol. 2. "Congreso de la Paz", G.E.G., Santiago, vol. 7.
 FERRER BENIMELI, J.A.: "Masonería", G.E.C., Santiago, vol. 20.
 GONZALEZ PROBADOS, M.: *Movemento obreiro e Socialismo. A Coruña 1931-1933*, Edicións do Castro, Sada, 1983.
Gula de Turismo de Ferrol y su comarca, Ferrol, 1934.
 "Ilustración Gallega y Asturiana, La", Madrid, 1879-1880.
 LEYRA DOMINGUEZ, J.: *Ensayo en torno al periodismo ferrolano*, 1963. Inédito.
 LLORCA FREIRE, G.: "Iglesias Brage y la expedición al Amazonas", *Ferrol Diario*, 15 abril 1979.
 "Historia" e "Cultura" en *Ferrol*, G.E.G., Santiago, vol. 12.
 "Pablo Iglesias", G.E.G., Santiago, vol. 17.
 "El Centro Obrero de Cultura", *La Voz de Galicia*, 5 marzo 1983.
 MAIZ VAZQUEZ, B.: "1915, Congreso Internacional. El Ferrol pidió la paz", *Antena Dominical*, 1 noviembre 1981.
 MORENO GONZALEZ, X.M.: "Federalismo", G.E.C., Santiago, vol. 11.
 PERE SOLA: "Los Ateneos obreros y su función educadora. De la Restauración a la II República", *Cuadernos de Pedagogías*, Barcelona, n.º 16, abril 1976.
 PEREIRA, D. e GONZALEZ PROBADOS, M.: *Informe sobor da prensa obreira de Galiza 1931-1936*, Cuadernos de Estudios Gallegos, Santiago, 1982.
Polémica sobre Espiritismo, La Coruña, 1933.
 RODRIGUEZ ROJO, M.: "Los Ateneos Asturianos en la II República", *Cuadernos de Pedagogías*, Barcelona, n.º 59, noviembre 1979.
 SANZ LOPEZ, R.: "El Ateneo Ferrolano", *Almanaque de Ferrol para 1905*, Ferrol, 1906.
Tercer Centenario de la publicación del Ingenioso Hidalgo D. Quijote de la Mancha. Homenaje del Ateneo Ferrolano, Ferrol, 1905.
 Varios: "Ateneo", G.E.G., Santiago, vol. 3.

FONTES CONSULTADAS

Arquivo Municipal de Ferrol
 Fundación Penzol, Vigo.
 Testemuños de D. Ramón Cordero Gómez e de D. Antonio Vázquez Rey.

BALANCE FINAL

Non hai, a excepción do "Centro Obrero de Cultura", unha soa sociedade en toda a historia contemporánea de Ferrol, que teña tan prolongada continuidade e que poida ofrecer unha herdanza cultural como a deixada polos Ateneos. No traballo que agora remata, tratamos de aproximarnos non só á densa historia desta Institución senón tamén ao contexto político, social e cultural do tempo en que viviu. Pero se nos preguntamos por cal dos cinco Ateneos estudados é o máis importante, a resposta atopámola difícil. Só investigando en profundidade o resto dos centros culturais e creativos da cidade podemos valorar na súa xusta medida o significado dos Ateneos, a resposta das xentes, desentrañar algunhas das claves dos seus fracasos, e por que chega o momento da súa desaparición. Todos eles nacen en circunstancias históricas diferentes, e se o primeiro apenas dura uns cantos meses, ten o mérito de ser un dos pioneiros que nacen en Galicia e o único do seu tempo; o segundo é o de máis longa vida, quince anos, e cecais o que máis enriquece o panorama cultural da cidade; ao "Ateneo Sindicalista" témoslle que agradecer que o nome de Ferrol resoe en todo o mundo cando berra pola paz; o da II República, fidel aos difíciles tempos que lle tocan, é o máis marcadamente político e paga o seu esforzo cultural cun trágico final o mesmo que o Ateneo de Ferrol Vello, coa fermosa tarefa de achega-las manifestacións artísticas ás xentes dun barrio modesto. Pero algo haberá para que a pesar de todo a semente plantada fai máis de cen anos continúe dando os seus froitos.




Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

INDICE

LIMIAR.....	3
UNHAS PALABRAS DE PRESENTACION.....	7
ORIXE E SIGNIFICADO DOS ATENEOS.....	8
OS ATENEOS DE GALICIA ATA A SEGUNDA REPUBLICA.....	9
O "ATENEO ARTISTICO, CIENTIFICO E LITERARIO DE FERROL", 1879-1880	11
O SEGUNDO "ATENEO FERROLANO", 1903-1917.....	17
O "ATENEO SINDICALISTA DE FERROL", 1914-1915	29
OS ATENEOS FERROLANS NA SEGUNDA REPUBLICA, 1931-1936.....	31
O "ATENEO FERROLANO", 1931-1936.....	33
O "ATENEO CULTURAL DE FERROL VIEJO", 1934-1936....	37
BALANCE FINAL.....	38
BIBLIOGRAFIA.....	39



CAIXA



Publicación realizada baixo
o patrocinio da Obra Social
da Caixa de Aforros de
Galicia



Atenco Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

www.atencoferrolan.org



Ateneo Ferrolán

Un lugar para compartir y crear cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 212, 264, Ferrol

www.ateneoferrolan.org

